



BOP

VENRES, 13 DE DECEMBRO DE 2024

N.º 287

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Por esta Alcaldía en data 10/12/2024 ditouse resolución nº 2024-1238 co seguinte tenor literal:

“Visto que en data 11/11/2024 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2024-1134 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado por resolución nº 2022-1108 de data 28/12/2022 para o ingreso como persoal funcionario de carreira dunha (1) praza de TÉCNICO/A DE XESTIÓN, escala de Administración Xeral, subescala Xestión, grupo A2, polo sistema de concurso-oposición, quenda libre, incluída na oferta de emprego público do Concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, publicándose no BOP de Lugo nº 265 de 16/11/2024, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Rematado o prazo de 10 días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos e non constando a presentación de reclamación algunha, de conformidade co establecido na base 8ª das xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos a desenvolver polos sistemas de concurso e de concurso-oposición correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

A. PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
María Rosa Antuña Carballes	***8506**	EXENTA
Vanesa Cabana Castro	***3696**	EXENTA
Jacobo Casal Villares	***9943**	EXENTA
Sara García Balseiro	***9147**	EXENTA
Juan López Montoya	***5779**	NON EXENTA
Pablo José Lozano Pardiño	***5144**	EXENTA
Cristian Pérez López	***8492**	EXENTA

SEGUNDO.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

PRESIDENTE/A.-

Titular: Dª Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión no Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: D. José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

VOGAIS.-

Titular: Dª. María Antonia Prieto González. Técnica de Medio Ambiente do Concello de Viveiro.

Suplente: Dª. Concepción Pernas Díaz. Psicóloga do Concello de Burela.

Titular: D. Angel Rubiños Ben. Director da Casa da Cultura do Concello de Burela.

Suplente: D^a. Noelia Legaspi Rodríguez. Educadora Familiar do Concello de Burela.

Titular: D. José Manuel Ferreira López. Director do Centro de Formación Ocupacional do Concello de Burela.

Suplente: D. Jaime Méndez García. Director da Casa da Xuventude do Concello de Burela.

SECRETARIO/A.-

Titular: D. José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: D^a. Montserrat Conde López, secretaria - interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

TERCEIRO.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o día 19 de decembro de 2024 (xoves), ás 12:00 horas na sala de comisións do Concello de Burela para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal .

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en

Burela, 10 de decembro de 2024.- A alcaldesa, Maria Del Carmen Lopez Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, O secretario”

R. 3966

Anuncio

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Por esta Alcaldía en data 10/12/2024 ditouse resolución nº 2024-1236 co seguinte tenor literal:

“Visto que en data 08/11/2024 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2024-1122 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado por resolución nº 2022-1108 de data 28/12/2022 para o ingreso como persoal funcionario de carreira dunha (1) praza de ARQUITECTO/A TÉCNICO/A, escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase Técnicos Medios, grupo A2, polo sistema de concurso-oposición, quenda libre, incluída na oferta de emprego público do Concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, publicándose no BOP de Lugo nº 265 de 16/11/2024, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Rematado o prazo de 10 días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos e tendo en conta que o aspirante Juan Antonio Fernández Arnau, con DNI ***9202**, presenta en prazo acreditación de estar en posesión do Celga 4, de conformidade co establecido na base 8^a das xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos a desenvolver polos sistemas de concurso e de concurso-oposición correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

A. PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Emilio Casal Villares	***9328**	EXENTA
Alejandro Díaz Anoeta	***7246**	EXENTA
Juan Antonio Fernández Arnau	***9202**	EXENTA
Diego Hermida Varela	***3763**	EXENTA

Fátima López Soto	***8041**	EXENTA
-------------------	-----------	--------

B. PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO	CAUSA DE EXCLUSIÓN
Juan López Montoya	***5779**	EXENTA	1

Causas de exclusión:

1.- Non acreditar posuír o título requirido para cubrir a praza consonte ao indicado no ANEXO I das Bases reitoras

SEGUNDO.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

PRESIDENTE/A.-

Titular: D^a Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión no Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: D. José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

VOGAIS.-

Titular: D. Marcos Hermida Trastoy. Arquitecto de Urbanismo do Concello de Viveiro.

Suplente: D. Pablo Dorado Lanza. Arquitecto Técnico do Concello de O Valadouro.

Titular: D. Angel Rubiños Ben. Director da Casa da Cultura do Concello de Burela.

Suplente: D^a. Noelia Legaspi Rodríguez. Educadora Familiar do Concello de Burela.

Titular: D. José Manuel Ferreira López. Director do Centro de Formación Ocupacional do Concello de Burela.

Suplente: D. Jaime Méndez García. Director da Casa da Xuventude do Concello de Burela.

SECRETARIO/A.-

Titular: D. José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: D^a. Montserrat Conde López, secretaria - interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

TERCEIRO.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o día 19 de decembro de 2024 (xoves), ás 10:00 horas na sala de comisións do Concello de Burela para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal .

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Burela, 10 de decembro de 2024.- A alcaldesa, Maria Del Carmen Lopez Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, O secretario”

R. 3967

*Anuncio***LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE PATRÓN BARCO MUSEO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.**

Por esta Alcaldía en data 10/12/2024 ditouse resolución nº 2024-1237 co seguinte tenor literal:

“Visto que en data 07/11/2024 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2024-1106 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado por resolución nº 2022-1108 de data 28/12/2022 para o ingreso como persoal laboral fixo dunha (1) praza de PATRÓN BARCO

MUSEO, grupo C2, polo sistema de concurso-oposición, quenda libre, incluída na oferta de emprego público do Concello de Burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, publicándose no BOP de Lugo nº 261 de 12/11/2024, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Rematado o prazo de 10 días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos e non constando a presentación de reclamación algunha, de conformidade co establecido na base 8ª das xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos a desenvolver polos sistemas de concurso e de concurso-oposición correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

A. PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Lino Pernas Díaz.	***6952**	EXENTA
Juan López Montoya	***5779**	NON EXENTA

SEGUNDO.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

PRESIDENTE/A.-

Titular: Dª. Begoña Romo Conde. Monitora Gaia e Tempo Libre do Concello de Burela.

Suplente: D. Angel Rubiños Ben. Director da Casa da Cultura do Concello de Burela.

VOGAIS.-

Titular: Dª. Marcelina González Pernas. Auxiliar administrativa do Concello de Burela.

Suplente: Dª. María José Cao Míguez. Monitora Gaia e Tempo Libre do Concello de Burela.

Titular: D. Juan Miguel Piqueras Pena. Informático do Concello de Burela.

Suplente: Dª. Rocio Valle Fraga. Avogada do CIM do Concello de Burela.

Titular: Dª Alma Varela Díaz. Recepcionista-Telefonista do Concello de Burela.

Suplente: Dª Consuelo Cartoy Veiga. Traballadora Social do Concello de Burela.

SECRETARIO/A.-

Titular: D. José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Dª. Montserrat Conde López, secretaria - interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

TERCEIRO.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o día 19 de decembro de 2024 (xoves), ás 9:00 horas na sala de comisións do Concello de Burela para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal .

Burela, 10 de decembro de 2024.- A alcaldesa, María Del Carmen Lopez Moreno. Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, O secretario”

R. 3968

GUITIRIZ

Anuncio

DELEGACIÓN DAS ATRIBUCIÓNS DE ALCALDÍA. Expte. 1191/2024

Por resolución de alcaldía nº 2024-1001 de data 9/12/2024 delegouse na primeira tenente da alcaldesa, dona Paula Campo Barral, as atribucións de alcaldía para que a sinatura do Convenio de Cooperación Interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz o día 10 de decembro de 2024 como representante deste concello.

O que se publica de acordo co previsto no artigo 44.2 do RD 2568/1986 de 28 de novembro.

Guitiriz, 9 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3969

LUGO

Anuncio

CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á ELABORACIÓN DA NOVA ORDENANZA DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DAS EDIFICACIÓNS

En cumprimento do disposto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, convócase consulta pública a través do portal web do Concello de Lugo, con carácter previo á redacción da nova Ordenanza municipal de conservación e rehabilitación de edificacións.

ANTECEDENTES NORMATIVOS

Na actualidade, os deberes de conservación e rehabilitación dos inmobles e a intervención administrativa nesta materia están reguladas na Ordenanza reguladora do Rexistro municipal de soares e edificacións que compre rehabilitar, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 243, do 23 de outubro de 2009, e na Ordenanza sobre conservación, rehabilitación e estado ruinoso das edificacións, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 243, do 23 de outubro de 2013, aprobadas ao abeiro da derogada Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

PROBLEMAS QUE SE PRETENDEN SOLUCIONAR

Desde a aprobación das referidas ordenanzas tiveron lugar importantes cambios normativos que obrigan a interpretar o seu articulado en conxunción coas normas legais e regulamentarias de superior xerarquía para determinar que partes entran en contradición ou deben entenderse derogadas de forma tácita. Estes cambios fan imprescindible abordar de forma inmediata a elaboración dunha nova norma que dote de seguridade xurídica aos procedementos que se tramitan nesta materia.

Así mesmo, cómpre dar solución as incidencias que se producen na tramitación ordinaria destes procedementos, motivadas non só polos cambios normativos, senón por diversas disfuncións derivadas do elevado volume de denuncias e solicitudes que se reciben que non van acompañadas da documentación necesaria, do incumprimento reiterado das ordes de execución, do perigo de perda dos valores patrimoniais de edificios catalogados, da pretensión de utilización destes procedementos para abordar cuestións que pertencen ao ámbito do dereito privado, e outras disfuncións que dificultan acadar a eficacia e eficiencia no exercicio das competencias municipais nesta materia.

NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA APROBACIÓN

Cómpre refundir nunha única Ordenanza municipal a regulación desta materia de conservación e rehabilitación das edificacións, hoxe reguladas en dúas ordenanzas diferentes, e adaptalas á lexislación actualmente vixente.

Lexislación estatal aplicable:

- Texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana, aprobado por Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lexislación autonómica aplicable:

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 2/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.
- Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro galego de avaliación dos edificios.

OBXECTIVOS DA NORMA

Os obxectivos principais que se perseguen coa elaboración da nova ordenanza son:

- Refundir nunha soa ordenanza municipal a regulación do deber de conservación e de rehabilitación.
- Adaptar as ordenanzas municipais á normativa estatal e autonómica vixentes na actualidade.
- Simplificar e axilizar a tramitación dos procedementos.

- Establecer unha orde de prioridades na tramitación, en función do tipo de afectación do inmovible e dos valores merecedores de protección do patrimonio cultural.
- Regular as ordes de execución das obras de conservación necesarias e as medidas aplicables no caso de incumprimento das ordes, en particular, a expropiación, venda ou substitución forzosas.

POSIBLES SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS REGULATORIAS E NON REGULATORIAS

Os procedementos que teñen por obxecto a intervención da Administración municipal na esfera dos dereitos e deberes das persoas, en particular do deber legal de conservación e de rehabilitación que corresponde ás persoas propietarias das edificacións e construcións, só poden ser regulados mediante unha disposición municipal con rango regulamentario (ordenanza) aprobada ao abeiro da lexislación reguladora desta materia. Por isto, non se prevén medidas non regulatorias que poidan acadar os obxectivos perseguidos pola norma que se propón.

A cidadanía e as organizacións representativas potencialmente afectadas por esta nova ordenanza poderán achegar as súas opinións e suxestións sobre os aspectos incluídos nesta consulta pública, no prazo de quince días hábiles seguintes á publicación deste anuncio, mediante o formulario accesible na web municipal.

Lugo, 10 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, P.D. O Director Xeral de Urbanismo, Hipólito Pérez Novo (Decreto 1727/2024, do 27 de febreiro)

R. 3970

MURAS

Anuncio

BASES PARA SELECCIÓN de PERSOAL LABORAL FIXO OFERTA EMPREGO PÚBLICO ANO 2021:

1 OFICIAL COORDINADOR DE OBRAS

3 OPERARIOS CONDUCTORES

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria

É obxecto da presente convocatoria, a contratación mediante concurso-oposición, de

- 1 oficial coordinador de obras
- 3 operarios conductores

en réxime laboral fixo, vacante no cadro persoal deste Concello.

Os aspirantes poderase presentar a ambas convocatorias non sendo excluíntes.

As referidas prazas (prazas ocupadas por indefinido non fixo por sentenza) se atopan engadidas na oferta de emprego público do ano 2021, aprobada por Resolución da Alcaldía 2021-0476 de data 14.10.2021 e publicada no DOGA nº 215 de data 09.11.2021.

SEGUNDA.- Características da praza

As funcións e tarefas a desenvolver serán as contempladas na RPT do Concello de Muras, a saber: as propias dun posto de operario oficial coordinador de obras e operario condutor con categoría de peón e abarcará todas as áreas de traballo (albanelería, electricidade, fontanería, soldadura, xardinería, parque móbil), en consonancia coa diversidade de servizos públicos municipais que se prestan, e de maneira máis concreta as seguintes:

OFICIAL COORDINADOR DE OBRAS

- Programación e coordinación de todo o traballo do persoal de obras e servizos.
- Programación das vacacións e permisos do persoal de obras e servizos.
- Dirección e supervisión de todos os traballos, así como as tarefas básicas en materia de seguridade e saúde.
- Presupostación de pequenas obras de mantemento e control dos pedidos de material e facturas.
- Reparto do persoal polos diferentes puntos de traballo con vehículo ou maquinaria municipal.
- Realizar o acopio de materiais.
- Tarefas de mantemento e conservación (albalenería, mecánica, pintura, xardinería) das instalacións e patrimonio municipais e mobiliario público.
- Funcións de colaboración en asuntos de gandería e agricultura.

- Conservación de camiños e vías públicas.
- Mantemento e conservación do patrimonio municipal.
- Reformas e pequenas construcións municipais.
- Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico.

OPERARIO CONDUCTOR

- Desbroce de camiños e rotas sendeirismo.
- Bacheado de pistas e vías municipais.
- Apertura de cunetas
- Tarefas de albalenería, fontanería, xardinería, electricidade, etc.
- Tarefas de mantemento e conservación (albalenería, mecánica, pintura, xardinería, etc) das instalacións e patrimonio municipais e mobiliario público baixo supervisión.
- Manexo de maquinaria e vehículos municipais de obra pública.
- Recollida mensual de lixo que non recolle o camión do lixo.
- Realización de tarefas medioambientais, como limpeza viaria, podas e mantemento de zonas verdes, etc.
- Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico.

O carácter do contrato é laboral fixo. A xornada de traballo será completa, 40 horas semanais (ou as que sexan aplicables segundo a lexislación vixente ou se estableceron por Convenio colectivo ou calquera outro acordo adoptado para o resto do persoal do Concello de Muras), de luns a venres, en réxime de dedicación de xornada completa, con flexibilidade horaria por razóns do servizo consonte o disposto no art. 34 do TRLET, naqueles supostos de servizos de tempada como festas locais, eventos, avarías e similares.

O horario que deberá realizar o traballador seleccionado será o legalmente determinado pola Alcaldía en función das necesidades do servizo, sen prexuízo da distribución horaria establecida, incluíndo tardes, sábados, domingos e festivos.

Segundo o disposto no artigo 14 do TRLET establécese un período de proba dun mes, durante os cales a Alcaldía deste Concello poderá deixar sen efecto o contrato, mediante Resolución motivada.

TERCEIRA.- Sistema selectivo

O sistema de selección será o de concurso-oposición, quenda libre.

CUARTO.- Requisito dos aspirantes

Para tomar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- Ter nacionalidade española
- Posuir capacidade funcional
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos organismos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autonomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao Corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado.
- Estar en posesión do certificado de escolaridade, graduado escolar ou equivalente. En todo caso, a equivalencia ou homologación de titulacións deberá ser achegada polo aspirante, mediante certificación expedida para o efecto, polo organismo oficial competente. En caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá acreditarse a súa homologación polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou por calquera outro órgano da Administración competente para iso.
- Estar en posesión do permiso de conducir tipo B en vigor, plenamente vixente en canto a caducidade e número de puntos, debendo presentar fotocopia do mesmo xunto coa solicitude de admisión (Anexo I) da presente convocatoria.
- CELGA 1 ou equivalente.
- Non estar afectado por ningún dos motivos de incompatibilidade previstos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, referida ao persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Todos os requisitos esixidos deberán reunirse o día en que remate o prazo de presentación de instancias e deberán manterse durante o proceso de selección ata o momento da contratación.

Se en calquera momento do proceso de selección tivésese coñecemento por parte do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos pola presente convocatoria, e sempre previa audiencia do solicitado, acordarase a súa exclusión con indicación expresa dos motivos.

QUINTO.- Solicitud de participación

As solicitudes (Anexo I) requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para as prazas que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Muras, presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello <https://muras.sedelectronica.gal> ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Así mesmo, as bases da convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello.

Os aspirantes deberán presentar xunto á solicitud os seguintes documentos:

- DNI, NIE, ou no seu caso, pasaporte.
- Titulación requirida
- Carné de conducir tipo B en vigor.
- Xustificante do ingreso da Taxa por dereitos de exame.
- Documentación acreditativa méritos a valorar.
- Certificado CELGA 1 ou equivalente.

O pagamento da taxa por dereitos de exame será de 6 €, que deberá ser ingresada en conta bancaria de titularidade municipal número

ES02 3081 0318 9311 0451 7626, con expresa indicación do concepto

“Taxa Proceso Operario 2021”.

A falta de xustificación do pagamento da taxa por dereitos de exame, no prazo establecido, determinará a exclusión da persoa aspirante.

En ningún caso o pagamento da taxa supoñerá a substitución do trámite de presentación de solicitud, en tempo e forma.

Terán unha bonificación do 100% da taxa, as persoas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo de polo menos seis (6) meses de contado anteriores á data de convocatoria. Para o goce desta bonificación, será requisito que no prazo de que se trate, non rexeitasen oferta de emprego adecuado nin se negaron a participar, agás causa xustificada, en accións de promoción, formación e que, así mesmo carezan do dereito de prestación de prestación por desemprego ou rendas superiores, en cómputo mensual ao salario mínimo interprofesional.

Estas condicións acreditaranse por medio de certificacións emitidas pola administración laboral competente no momento da solicitud.

O tratamento da información subministrada polos aspirantes terá en conta o establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía do vos dereitos dixitais, e no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións que resulten de aplicación.

Así mesmo, as persoas aspirantes, para os distintos actos de trámite que se deriven do proceso selectivo e que conteñan datos de carácter persoal, coa sinatura da súa solicitud de participación no proceso selectivo dan o seu consentimento para que a administración actuante poida proceder á publicación dos mesmos na súa páxina web ou en calquera outro espazo establecido para ese efecto.

SEXTA.- Admisión dos aspirantes, data e lugar de celebración das probas

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. En devandita resolución, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello, dirección <https://muras.gal>, concederase un prazo de dez días hábiles para a emenda.

Transcorrido o prazo de emenda pola Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello. Na mesma publicación farase constar o día, hora e lugar en que deberán realizarse todas as probas.

SÉTIMA.- Tribunal cualificador

O Tribunal calificador estará constituído por:

- Presidente.
- Secretario
- Vogais que determine a convocatoria.

Designaranse suplentes, que en substitución dos titulares, integrarán o Tribunal.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria, da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos resultados. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

O Tribunal non poderá constituirse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso requírese a presenza do/da Presidente/a e do/da Secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou convinte. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto e limitaránse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran co tribunal.

Aos efectos de percepción de asistencias polos membros concurrentes ás sesión dos tribunais, estarase ao disposto no Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. El Tribunal calificador de estas pruebas selectivas tendrá la categoría tercera, de conformidad con el artículo 30 del Real Decreto 462/2002, de 24 de mayo, sobre indemnizaciones por razón del servicio.

O Tribunal resolverá por maioría dos votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orden as mesmas.

OITAVA.- Comenzo e desenvolvemento das probas selectivas

O procedemento de selección dos aspirantes constará de dúas fases: concurso e oposición.

FASE OPOSICIÓN:

A fase de oposición consistirá na realización de dúas probas de aptitude: unha teórica e outra práctica.

1ª) Proba Exercicio Teórico (máximo 30 puntos):

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 30 preguntas, máis 3 preguntas de reserva, con catro respostas alternativas cada unha, das cales só unha será válida, relacionadas co temario descrito no Anexo II e cunha duración máxima de cincuenta minutos.

O exercicio cualificarase de cero a trinta puntos, penalizarase con 0,5 puntos por cada resposta incorrecta, non puntuándose as non contestadas.

Correspondéndolle ao tribunal determinar a puntuación (nota de corte) esixida para superar ou exercicio que se corresponderá cun número determinado de respostas acertadas unha vez descontada, de ser ou caso, a penalización por respostas incorrectas.

Tras esa nota de corte, pasarán á segunda proba de carácter práctico da fase de oposición aqueles aspirantes que obteñan as vinte cualificacións máis altas.

Se se produce un empate, entre dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor daquel aspirante que obtivese menos respostas erróneas. Se o empate persiste, este dirimirase a favor do aspirante que deixase menos preguntas sen contestar.

Calquera outro empate que se produza, resolverase mediante sorteo.

2ª.- Proba práctica (máximo 70 puntos):

Os aspirantes deberán realizar a proba práctica deseñada polo Tribunal. O obxectivo da proba será valorar os niveis de experiencia, habilidade e destreza en disciplinas/oficios propias da praza:

- 1.- Fontanería
- 2.- Electricidade
- 3.- Soldadura, cerrajería.
- 4.- Xardinería.
- 5.- Albanelería e mantemento

A proba para realizar poderá conter traballos, técnicas ou operacións materiais propias dunha, varias ou todas as disciplinas apuntadas.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, debendo estes mostrar o seu documento nacional de identidade orixinal, NIE, ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, agás causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

Para a valoración da proba polo Tribunal teranse en conta os seguintes aspectos, que serán valorados de maneira individual por cada un dos membros do Tribunal:

- Tempo de execución.
- Execución (utilización correcta de todas as pezas necesarias, montaxe completa, funcionamento do mecanismo etc.)/ etc.).
- Comprobación (firmeza, nivelación, estanqueidad etc.)/ etc.).

Antes do comezo da proba, o Presidente do Tribunal, ou membro en quen delegue, informará de viva voz aos aspirantes sobre o contido da proba, as tarefas para realizar, os materiais dispoñibles, os tempos de execución, estándares de calidade dos traballos e o sistema e criterios de valoración da proba.

FASE CONCURSO

A fase de concurso, que será previa á de oposición e non terá carácter eliminatorio.

En ningún caso a puntuación da fase de concurso poderá aplicarse para superar as probas da fase de oposición.

Os méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo co baremo establecido no apartado seguinte.

A puntuación máxima que se poderá obter nesta fase de concurso será de 30 puntos.

- Baremo de méritos.-

A).- Experiencia profesional.- Por cada mes completo de servizos efectivamente prestados tanto nas Administracións Públicas como en empresas privadas en prazas con traballos similares aos das prazas ofertadas 0,10 puntos, o que equivale a 1,20 puntos por ano completo, e sen que o total poida exceder, en todo caso, de 15,00 puntos.

B).- Cursos. Pola realización de cursos de formación impartidos en centros públicos oficiais, escolas administrativas públicas ou universidades públicas, que se consideren relevantes para a praza que se opta ou que posúan relación coas funcións a desenvolver, ata un máximo de 15,00 puntos, de conformidade cos seguintes criterios:

- a. Ata 14 horas de duración 0,10 puntos.
- b. De 15 a 24 horas de duración 0,20 puntos.
- c. De 25 a 39 horas de duración 0,40 puntos.
- d. De 40 a 59 horas de duración 0,60 puntos.
- e. De 60 a 79 horas de duración 0,80 puntos.
- f. De 80 a 100 horas de duración 1 punto.
- g. De 101 ou máis horas de duración 1,10 puntos.

- Acreditación dos méritos.- Os méritos a que se fai referencia neste Baremo, deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata dita data, sendo valorados só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia. A acreditación dos méritos por parte dos interesados no caso do apartado

A).- Experiencia profesional, realizarase exclusivamente mediante fotocopia do contrato laboral de traballo ou certificación da administración correspondente, sendo obrigatoria a presentación do Informe de Vida Laboral. A acreditación dos cursos realizarase mediante fotocopia do título ou certificación da realización.

- Prazo de valoración e publicidade.

- A valoración dos méritos deberá rematar polo menos corenta e oito horas antes do primeiro exercicio da oposición. A lista que conteña a valoración dos méritos da fase de concurso farase pública na sede electrónica do Concello de Muras, antes da realización do primeiro exercicio.

COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA: consistirá nunha tradución castelán-galego dun texto facilitado polo Tribunal. Puntuarase ata un máximo de 10 puntos e será preciso contar cunha puntuación mínima de 5 puntos para supéralo. Esta proba será obligatoria para aqueles que non poidan acreditar o coñecemento da lingua galega a través dos certificados correspondentes, sempre e cando tiveran superado os tres exercicios anteriores.

NOVENA. CONDICIONES DE DESARROLLO DE LOS EJERCICIOS

9.1.- A duración máxima do procedemento selectivo non poderá exceder de seis meses, contados desde a data de realización da primeira proba.

9.2.- Entre a publicación da relación de aspirantes aprobados nunha proba e o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 72 horas e máximo de corenta e cinco días hábiles.

9.3.- A publicación dos sucesivos anuncios do proceso, así como o de celebración da segunda proba, efectuaranse polo Tribunal na sede electrónica do Concello de Muras, así como en calquera outro espazo ou lugar que a xuízo do Tribunal contribúa á súa máxima divulgación, e cunha antelación mínima de corenta e oito horas á data de celebración.

DÉCIMA. CUALIFICACIÓN FINAL.

10.1.- A cualificación final obtida por cada aspirante será o resultado da suma das cualificacións obtidas en cada unha das probas da fase de oposición.

10.2.- En caso de empate serán de aplicación os criterios de desempate establecidos na Cláusula 8ª.

UNDÉCIMA. RELACIÓN DE APROBADOS

Presentación de Documentos e Formalización do Contrato.

Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial

Dita relación elevarase á Alcalde-Presidente da Corporación e incluírá a proposta de contratación a favor dos dous primeiros aspirantes, segundo a orde da devandita relación.

Os aspirantes propostos achegarán ante a Administración, dentro do prazo de cinco días naturais desde a publicación, os documentos acreditativos de cumprir as condicións de capacidade e os requisitos esixidos na convocatoria, debendo someterse a seguir a un exame médico, realizado polo Servizo de Vixilancia da Saúde contratado polo Concello de Muras.

Quen dentro do prazo indicado, e agás os casos de forza maior, non presentase a documentación, da mesma deducítese que carece dalgún dos requisitos esixidos, ou sexa declarado non apto para o posto de traballo, non poderá ser contratado, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incurrir por falsidade nas súas solicitudes de participación, procedéndose a convocar ao seguinte aspirante segundo a orde da relación.

Estabécese un período de proba dun mes en que se a persoa contratada mostra incapacidade para o cumprimento da función asignada, resolverase o contrato, chamando ao seguinte por orde de puntuación.

DÉCIMO SEGUNDA.- CANLE DENUNCIAS

O Concello de Muras conta coa implantación de canle de denuncias aloxado na sede electrónica <https://muras.sedelectronica.gal/> coa finalidade de outorgar unha protección adecuada fronte ás represalias que poidan sufrir as persoas físicas que informen sobre algunha das accións ou omisións a que refírese o artigo 2 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción

DÉCIMO TERCEIRA.- BOLSA TRABAJO

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos e presentados no procedemento selectivo e que houberen superado as probas (excluídos os seleccionados) e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licencias regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou as baixas ou renuncias dos seleccionados.

A orde de chamamento dos aspirantes será pola orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.

DÉCIMO CUARTA. INCIDENCIAS

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderá interpoñerse con carácter potestativo recurso de reposición ou directamente recurso contencioso-administrativo, nos termos, prazos e

condicións sinalados na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa. Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos **efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social**.

DÉCIMO QUINTA. PUBLICIDADE

A convocatoria e as súas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal

DÉCIMO SEXTA. PROTECCIÓN DA DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O responsable do tratamento é o Concello de Muras, que tratará os datos persoais coa finalidade de xestionar o proceso selectivo correspondente, de acordo coa normativa vixente e as bases da convocatoria.

A lexitimidade do tratamento baséase no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos. De acordo co artigo 6.1 c) do RGPD, o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ó responsable do tratamento, así como para o cumprimento dunha misión realizada en interese público (artigo 6.1 e), segundo as competencias atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como pola normativa que regula o emprego público.

Os datos persoais serán conservados mentres poidan derivarse responsabilidades e durante os prazos de prescrición de reclamacións e/ou recursos.

Os datos persoais non serán comunicados a terceiros, salvo obriga legal ou por razón de interese público. Non obstante, serán publicados de acordo co establecido nas bases da convocatoria, segundo os principios de publicidade e transparencia recoñecidos na lexislación reguladora do acceso ó emprego público, tendo en conta o disposto pola normativa de Protección de Datos.

Non se realizarán transferencias internacionais de datos. Pódense exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación, cando procedan, ante o Concello de Muras, en Praza da Galeguidade, 4, 27836 Muras, Lugo, ou a través da Sede Electrónica: <https://muras.sedelectronica.gal>

Muras, 5 de decembro de 2024.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

ANEXO I

SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DO CONCELLO DE MURAS

1 OFICIAL COORDINADOR DE OBRAS

3 OPERARIOS CONDUCTORES

DATOS DO SOLICITANTE		
Nome e apelidos:		DNI/NIF:
Domicilio:		
Localidad:	Provincia:	CP:
Correo electrónico:	Teléfono:	Data nacemento:
DATOS DO REPRESENTANTE (no seu caso)		
Nome e apelidos:		DNI/NIF:
Domicilio:		
Localidad:	Provincia:	CP:
Correo electrónico:	Teléfono:	
DATOS DE NOTIFICACIÓN		
Persoa a notificar: <input type="checkbox"/> Solicitante <input type="checkbox"/> Representante	Medio de notificación: <input type="checkbox"/> Postal <input type="checkbox"/> Electrónica	
DOCUMENTACIÓN QUE SE APORTA		
<input type="checkbox"/> DNI <input type="checkbox"/> Permiso de conducción <input type="checkbox"/> Graduado escolar/Certificado de escolaridade <input type="checkbox"/> Resgardo pago taxa derecho de examen <input type="checkbox"/> Documentación bonificación taxa derecho de examen <input type="checkbox"/> Acreditación méritos a valorar <input type="checkbox"/> CELGA 1 ou equivalente		
DECLARACIÓN REPONSABLE		
- Que coñezo as bases reguladoras da convocatoria, ás cales me someto e acepto na súa totalidade. - Que non fun separado/a de o servizo de ningunha Administración Pública, nin me atopo inhabilitado para emprego ou cargo público. - Que non padezo enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións, e posúo a capacidade funcional necesaria para o desempeño normal do posto de traballo convocado. - Que cumpro con todos e cada un do resto de requisitos de admisión establecidos na Base 4ª. - Que os datos consignados nesta solicitude son certos, comprometéndome no seu caso a probalo documentalmente.		
SOLICITA		
Que, de conformidade cas Bases reguladoras da convocatoria do proceso selectivo para provisión de 1 OFICIAL COORDINADOR DE OBRAS /3 OPERARIOS CONDUCTORES se teña por admita esta solicitude de participación en ditos procesos.		

En _____, a _____, de _____ de 2024

Firma do/da solicitante

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MURAS (Lugo).

ANEXO II**TEMARIO PROBA TIPO TEST****PARTE XURÍDICA**

- 1.- A Constitución Española. Concepto, características e contido. Dereitos e liberdades dos cidadáns.
- 2.- O Réxime Local español. O Municipio: organización e competencias. A Provincia: organización e competencias.
- 3.- O Persoal ao servizo das Entidades Locais: concepto e clases. Dereitos, deberes e incompatibilidades.
- 4.- A Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais. Disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización dos equipos de traballo.
- 5.- Políticas de Igualdade de Xénero. A Lei orgánica 3/2007, do 2 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mujeres e Homes. Políticas contra a Violencia de Xénero. A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

PARTE ESPECÍFICA

- 1.- Albalenería: tarefas, útiles e ferramentas. Áridos, ladrillos: definición e tipos. Aglomerados.
- 2.- Electricidade: tarefas, útiles, ferramentas, reparacións elementais.
- 3.- Xardinería: tarefas, labores, útiles e ferramentas.
- 4.- Pintura: tarefas, útiles, técnicas, utensilios, preparacións e acabados.
- 5.- Carpintería: tarefas, útiles e ferramentas manuais.
- 6.- Fontanería: tarefas, materiais, ferramentas, traballos, montaxes e reparacións máis comúns.
- 7.- Carga, descarga e transporte de materiais. Manipulación manual de cargas. Prevención de riscos en almacén.

R. 3971

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE OUTUBRO DE 2024**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 14 de novembro de 2024 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de outubro de 2024 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de outubro de 2024: 3.09,91 euros.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 15 de decembro de 2024 e o 01 de febreiro de 2024. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 10 de decembro de 2024.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 3972

VIVEIRO

Anuncio

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do martes, 29 de outubro de 2024 Núm. 250, publícase a Resolución de Alcaldía de data 18 de outubro de 2024 da aceptación da proposta do Tribunal relativa ao proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, entre as que se atopa unha praza de "OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR", na que literalmente di:

"D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6^a e 8^a da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6^a e 8^a da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de "OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR".

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de "OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR" persoal laboral fixo.

Vista a base reguladora 14.4 e 14.5, que sinalan "(...)14.4. Resolución de Alcaldía da relación definitiva de aspirantes propostos polo Tribunal e orde de aspirantes non seleccionados.

A Alcaldía elaborará resolución declarando a relación definitiva de seleccionados, na que constará o aspirante ou aspirantes seleccionados, en base á proposta do Tribunal. Esta resolución conterá tamén a orde de aspirantes non seleccionados para conformar a lista de emprego establecida nas presentes bases.

14.5. Publicación da Resolución de Alcaldía.

A Resolución de Alcaldía será publicada no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.viveiro.es, no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia.."

Tendo en conta a proposta do Tribunal data 21 de outubro de 2024, na que literalmente di: "(...) Vista a Acta, cos resultados da proba do galego do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura de unha praza de "OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR".

Vista a Acta de valoración de méritos do Tribunal cualificador.

A) BAREMO DE MÉRITOS (Base Xeral 12) :

O Tribunal designado por Resolución de Alcaldía de data 22 de novembro de 2023, realiza as valoracións da fase de concurso ao respecto dos/das aspirantes admitidos/as, e outorga por unanimidade as seguintes puntuacións e cualificacións finais:

APELIDOS E NOME	TOTAL MESES A1	TOTAL MESES A2	TOTAL MESES A3	TOTAL MESES A4	TOTAL MESES A5	TOTAL EXPERIENCIA PROFESIONAL	TOTAL OUTROS MÉRITOS	TOTAL PUNTUACIÓN
ALVO GONZÁLEZ EUGENIO	0	228	0	0	0	27,360	18,750	46,110
MONTERO CARRODEGUAS JOSE LUIS	6	119	0	0	0	15,600	20,000 *	35,600
PEREZ VAZQUEZ JOSE LUIS	3	0	0	0	0	0,660	20,000 *	20,660
DOCE FOJON EMILIO JOSE	0	0	0	0	0	0,000	20,000 *	20,000
LIZ OROSA OSCAR	0	87	0	0	0	10,440	0,750	11,190
YÁÑEZ MARTÍNEZ NAZARET	0	50	0	0	0	6,000	1,250	7,250
MENDOZA HERNÁNDEZ JUAN	0	35	0	0	0	4,200	0,750	4,950
CASTRO SÁNCHEZ VALENTÍN	0	16	0	0	0	1,920	2,500	4,420
VAZQUEZ YAÑEZ BRAIS	0	0	0	0	0	0,000	1,250	1,250
MARIÑO BOUZA DAVID	0	0	0	0	0	0,000	0,500	0,500

B) CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS (Base Xeral 13) :

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	ALVO GONZÁLEZ EUGENIO	46,110
2	MONTERO CARRODEGUAS JOSE LUIS	35,600
3	PEREZ VAZQUEZ JOSE LUIS	20,660
4	DOCE FOJON EMILIO JOSE	20,000
5	LIZ OROSA OSCAR	11,190
6	YÁÑEZ MARTÍNEZ NAZARET	7,250
7	MENDOZA HERNÁNDEZ JUAN	4,950
8	CASTRO SÁNCHEZ VALENTÍN	4,420
9	VAZQUEZ YAÑEZ BRAIS	1,250
10	MARIÑO BOUZA DAVID	0,500

C) RELACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS E PROPOSTA DO TRIBUNAL (Base Xeral 14.1)

Á vista das cualificacións outorgadas, o Tribunal, por unanimidade, formula proposta de selección ante a Alcaldía a favor de **D. EUGENIO ALVO GONZÁLEZ** para a cobertura de unha praza de "OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR" no Concello de Viveiro, como persoal laboral fixo ao obter a maior cualificación final.

D) ORDE DE ASPIRANTES NON SELECCIONADOS (Base Xeral 14.2)

Á vista do establecido na Base Xeral 14.3 o Tribunal, por unanimidade propón establecer a seguinte orde de aspirantes presentados e baremados que non resultaron seleccionados, para a súa incorporación nunha lista de emprego co fin de asegurar a cobertura das vacantes, aos efectos do disposto no artigo 61.8 do TREBEP, para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión ou contratación, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas, segundo se establece nas presentes bases.

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	MONTERO CARRODEGUAS JOSE LUIS	35,600
2	PEREZ VAZQUEZ JOSE LUIS	20,660
3	DOCE FOJON EMILIO JOSE	20,000
4	LIZ OROSA OSCAR	11,190
5	YÁÑEZ MARTÍNEZ NAZARET	7,250
6	MENDOZA HERNÁNDEZ JUAN	4,950
7	CASTRO SÁNCHEZ VALENTÍN	4,420
8	VAZQUEZ YAÑEZ BRAIS	1,250
9	MARIÑO BOUZA DAVID	0,500

O Tribunal eleva esta proposta á Alcaldía, no seu caso, para a súa Resolución de aprobación e publicación no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.viveiro.es, no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica, e no Boletín Oficial da Provincia..."

Vista a base xeral 15, que di:

“15. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

As persoas seleccionadas para cubrir as prazas vacantes, deberán presentar a documentación acreditativa mediante copia auténtica (segundo o artigo 27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou, se é o caso, orixinais, que acrediten os seguintes requisitos esixidos na base xeral 4 e nas bases específicas, que non fosen acreditados coa solicitude de participación.

15.1 Documentos a presentar:

O/A aspirante ou aspirantes seleccionados presentarán os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:

- a) Certificación médica acreditativa de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co exercicio das funcións da praza para a que foi seleccionado.
- b) Declaración xurada actualizada de non ter sido separados/as do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- c) Declaración responsable actualizada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- d) Copia da tarxeta da Seguridade Social.
- e) Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina.
- f) Certificado de delitos de natureza sexual para aquelas prazas nas que sexa obrigatorio segundo a normativa vixente.

15.2. Prazo de presentación.

As persoas seleccionadas disporán dun prazo de vinte (20) días hábiles para presentar os documentos enumerados no párrafo anterior, contados a partir do seguinte a publicación da Resolución de Alcaldía da relación definitiva de aspirantes seleccionados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

15.3. Lugar de presentación.

A presentación da documentación farase no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro, en horario de atención ao público, de nove a catorce horas de luns a venres.

As solicitudes tamén poderán presentarse en calquera dos rexistros que menciona o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, da LPACAP, tendo en conta que os documentos presentados deberán ser orixinais ou copia electrónica auténtica. Se a solicitude se presentase nas oficinas de correos, farase de acordo co artigo 31 do Real decreto 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o regulamento de prestación dos servizos postais.

15.4. Falta de presentación de documentos.

Se o/a aspirante ou aspirantes seleccionados non presentasen os documentos mencionados no punto 15.1 dentro do prazo indicado, salvo en caso de forza maior que deberá xustificar en devandito prazo, ou deles deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos na convocatoria, non poderán ser nomeados ou contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen haber incurrido por falsidade nas súas solicitudes de participación, procedéndose ao chamamento a favor do seguinte aspirante con maior puntuación acadada no proceso, ditándose Resolución da Alcaldía ao efecto outorgando un novo prazo de vinte días hábiles ao seguinte aspirante con maior puntuación.

Da mesma forma procederase en caso de renuncia do aspirante ou aspirantes seleccionados... ”

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados en base a Acta das reunións do 28 de novembro de 2023 e do 11 de xullo de 2024, segundo o disposto nos puntos segundo e terceiro da presente resolución.

SEGUNDO.- Aceptar a proposta do Tribunal a favor de **D. EUGENIO ALVO GONZÁLEZ**, como **aspirante seleccionado**, para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT “**OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR**” (OP0.1/125) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, como persoal laboral fixo.

De conformidade co disposto na base 15, a persoa seleccionada deberá presentar no prazo de 20 (vinte) días hábiles contados a partir da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, a documentación establecida na base 15.1, que di:

“15.1 Documentos a presentar:

O/A aspirante ou aspirantes seleccionados presentarán os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:

- a) Certificación médica acreditativa de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co exercicio das funcións da praza para a que foi seleccionado.
- b) Declaración xurada actualizada de non ter sido separados/as do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- c) Declaración responsable actualizada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- d) Copia da tarxeta da Seguridade Social.
- e) Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina.
- f) Certificado de delitos de natureza sexual para aquelas prazas nas que sexa obrigatorio segundo a normativa vixente...”

TERCEIRO.- Aceptar a proposta do Tribunal como lista de emprego, ao abeiro da base 14 das Bases xerais e específicas da convocatoria, sendo a lista de emprego a seguinte:

ORDE	APELIDOS E NOME	TOTAL PUNTUACIÓN
1	MONTERO CARRODEGUAS JOSE LUIS	35,600
2	PEREZ VAZQUEZ JOSE LUIS	20,660
3	DOCE FOJON EMILIO JOSE	20,000
4	LIZ OROSA OSCAR	11,190

5	YÁÑEZ MARTÍNEZ NAZARET	7,250
6	MENDOZA HERNÁNDEZ JUAN	4,950
7	CASTRO SÁNCHEZ VALENTÍN	4,420
8	VAZQUEZ YAÑEZ BRAIS	1,250
9	MARIÑO BOUZA DAVID	0,500

CUARTO.- *Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica, e no Boletín Oficial da Provincia.*

QUINTO.- *Dar traslado da presente Resolución ao Departamento de Persoal, Intervención e Tesorería.*

Contra a presente resolución, por tratarse dun acto de trámite cualificado, pode interpoñer alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte desta publicación, ante a PRESIDENTA- ALCALDESA deste Concello de Viveiro, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a da presente publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa. Si se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou fora producido a súa desestimación por silencio. Todo elo sen perxuício de que poda exercitar calquer outro recurso que estime pertinente.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa, Ante mín, A Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018,

María Loureiro García María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

Visto que en data 9 de novembro de 2024, saíu publicada renuncia de D. Eugenio Alvo González e D. José Luis Montero Carrodegua, a ser nomeados para a praza vacante correspondente ao posto da RPT "OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR" (OP0.1/125) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, como persoal laboral fixo, designando como aspirante seleccionado ao seguinte aspirante con maior puntuación da orde de aspirantes non seleccionados, D. José Luis Pérez Vázquez.

Visto que en data 09 de decembro de 2024, D. Jose Luis Pérez Vázquez presenta no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro, escrito de renuncia a ser nomeado para a praza de "OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR" (OP0.1/125) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, como persoal laboral fixo.

Visto que en data 09 de decembro de 2024, D. Oscar Liz Orosa presenta no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro, escrito de renuncia a ser nomeado para a praza de "OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR" (OP0.1/125) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, como persoal laboral fixo, no suposto de saír seleccionado pola renuncia de aspirantes con maior puntuación.

Visto que en data 10 de decembro de 2024, D. Emilio Doce Fojon e Dna. Nazarez Yañez Martínez presentan no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro, escrito de renuncia a seren nomeados para as prazas de "OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR" (OP0.1/125) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, como persoal laboral fixo, no suposto de saíren seleccionados pola renuncia de aspirantes con maior puntuación.

Visto o establecido no punto 15.4 das bases xerais, que di: "(...)15.4. **Falta de presentación de documentos.**

Se o/a aspirante ou aspirantes seleccionados non presentasen os documentos mencionados no punto 15.1 dentro do prazo indicado, salvo en caso de forza maior que deberá xustificar en devandito prazo, ou deles deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos na convocatoria, non poderán ser nomeados ou contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen haber incurrido por falsidade nas súas solicitudes de participación, procedéndose ao chamamento a favor do seguinte aspirante con maior puntuación acadada no proceso, ditándose Resolución da Alcaldía ao efecto outorgando un novo prazo de vinte días hábiles ao seguinte aspirante con maior puntuación.

Da mesma forma procederase en caso de renuncia do aspirante ou aspirantes seleccionados..."

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aceptar as renuncias presentadas por D. Oscar Liz Orosa, D. Emilio Doce Fojon e Dna. Nazarez Yañez Martínez decaendo do seu dereito a ser nomeados Persoal Laboral Fixo para ocupar en propiedade a

praza vacante correspondente ao posto da RPT “OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR” (OP0.1/125) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, para o que foran seleccionados.

SEGUNDO.- Designar ao seguinte aspirante con maior puntuación segundo a orde de aspirantes non seleccionados, D. Juan Mendoza Hernández, como aspirante seleccionado para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT “OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR” (OP0.1/125) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, como Persoal Laboral Fixo.

De conformidade co disposto na base 15, a persoa seleccionada deberá presentar no prazo de 20 (vinte) días hábiles contados a partir da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, a documentación establecida na base 15.1, que di:

“15.1 Documentos a presentar:

O/A aspirante ou aspirantes seleccionados presentarán os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:

a) Certificación médica acreditativa de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co exercicio das funcións da praza para a que foi seleccionado.

b) Declaración xurada actualizada de non ter sido separados/as do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

c) Declaración responsable actualizada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

d) Copia da tarxeta da Seguridade Social.

e) Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina.

f) Certificado de delitos de natureza sexual para aquelas prazas nas que sexa obrigatorio segundo a normativa vixente...”

TERCEIRO.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica, e no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Dar traslado da presente Resolución ao Departamento de Persoal, Intervención e Tesorería. Contra a presente resolución, por tratarse dun acto de trámite cualificado, pode interpoñer alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte desta publicación, ante a PRESIDENTA- ALCALDESA deste Concello de Viveiro, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a da presente publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa. Si se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou fora producido a súa desestimación por silencio. Todo elo sen prexuízo de que poda exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 10 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante min, A Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, D^a María Luz Balsa Rábade.

R. 3973

Anuncio

Por medio do presente, insírese anuncio ao respecto da resolución dos procesos selectivos de estabilización tramitados ao amparo da Lei 20/2021, en relación coas Resolucións ditadas resolvendo os referidos procesos, mediante o nomeamento de funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, resolucións que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido nas bases que rexen o proceso, relativo aos procesos selectivos excepcionais convocados para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Art. 2 e disposición adicional 6^a e 8^a da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso e concurso oposición, acceso libre, co fin de dar publicidade ao réxime de recursos das Resolucións de nomeamento ditadas que poñen fin ao procedemento, ao non constar este indicado expresamente na publicación das anteditas resolucións, estando eses acordos suxeitos ao seguinte réxime de recursos:

“Contra as referidas resolucións de nomeamento, que poñen fin ao proceso selectivo, pode interpoñerse alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte desta publicación, ante a PRESIDENTA- ALCALDESA deste Concello de Viveiro, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da presente publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa. Si se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou fora producida a súa desestimación por silencio. Todo elo sen perxuício de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente”.

Viveiro, 10 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 3974

XOVE

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2.025, en sesión ordinaria celebrada o 9 de decembro de 2024, e documentación que se acompaña, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención deste Concello, por prazo de quince días hábiles- que empezará a contarse desde o seguinte ó da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a fin de que durante o mesmo podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Xove, 9 de decembro de 2024.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3975